



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello Boqueixón resolva expresamente a solicitude presentada pola promotora desde expediente de queixa, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución, e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía...

Expediente: A.4.Q/16129/22

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2024

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención don XXX con DNI XXX, veciño de Montouto.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito de queixa presentados a persoa interesada, en esencia, indica:

Traballou no ano 2022 durante cinco meses como peón nese Concello. Agora reclamou os atrasos correspondentes á subida de 1'5% retroactiva. Presentou reclamación o día 12/12/2022 e non contestaron.

Achega, entre outra documentación, xustificante da presentación, o 13 de decembro do ano 2022, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (SIR) da súa solicitude dirixida ao Concello de Boqueixón (entrada 74599/RX 3052747)

Segundo.- O informe remitido pola Administración, en esencia, indica:

A persoa interesada foi contratado ao abeiro dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña (Programa PEL-CONCELLOS 2022 de axudas á contratación de persoal para a execución de obras municipais nos concellos da provincia) publicada no BOP núm. 18 de data 27 de xaneiro de 2022.

Na base núm.6 das bases reguladoras do programa, establécense as contías que se lle asignan a cada concello resultando que o Concello de Boqueixón se atopa no módulo 5 polo que o importe máximo a solicitar é de 31.000,00 euros.



Na base núm. 8 (gastos subvencionables), indícase que o importe da achega provincial destinaranse a financiar os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións de fin de contrato e os correspondentes ós cursos de formación en materia de riscos laborais que deban facer as persoas contratadas durante o período do 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022. Por outra parte, a administración debe facilitar ás persoas contratadas a vestimenta de traballo que figure no proxecto financiado pola Deputación.

...

O salario de cada traballador, a seguridade social e a correspondente indemnización por finalización de contrato, fíxose tendo en conta o total concedido por subvención, é dicir, a cantidade de 31.000 euros que a Deputación concede para a contratación dun número de traballadores, é a que fixa o número de traballadores que se poden contratar tendo en conta os custos de cada traballador fixados pola lexislación vixente.

Polo tanto, no caso da persoa interesada os importes que percibiu polo traballo desempeñado como peón de obras públicas nos 5 meses que estivo contratado, axústase totalmente á cantidade que o concello ten que xustificar pola subvención que recibe

QUINTA. O RD-lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca, dispón no seu artigo 23 que, adicionalmente ao disposto na LPGE 2022, as retribucións do persoal ao servizo do sector público experimentarán un incremento adicional do 1,5% respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2021.

Ese incremento adicional seguirá as seguintes regras

- 1a Aplicarase sobre as retribucións vixentes o 31 de decembro de 2021, de forma que a suma de ambos consolidará, en todo caso, un incremento retributivo global máximo para o exercicio 2022 do 3,5%.
- 2a Materializarase na nómina do mes de novembro de 2022, abonándose como atrasos o incremento correspondente aos meses de xaneiro a outubro deste ano.
- 3a No ámbito das comunidades autónomas e entidades locais terase que materializar antes do 31 de decembro de 2022 e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de marzo de 2023.

Ademais, por Resolución do 24 de outubro de 2022 da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, dítanse instrucións sobre o pago ao persoal do Sector Público Estatal do



incremento retributivo adicional do 1,5% previsto no artigo 23 da RD-lei 18/2022, do 18 de outubro.

Respecto á normativa aplicable ao persoal laboral que presta os seus servizos nas Administracións Públicas, tal e como se desprende do artigo 7 do RDLex 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), e do artigo 3.1 do RDLex 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), sería a seguinte:

- En primeiro lugar, as normas do TREBEP, tanto as xerais referidas a todos os empregados públicos (persoal funcionario e persoal laboral), como as específicas referidas exclusivamente ao persoal laboral.
- En segundo lugar, a lexislación laboral común, isto é, o ET e demais normas laborais concordantes.
- En terceiro lugar, os convenios colectivos aplicables.
- En cuarto lugar, o contrato individual de traballo e o costume local e profesional con base no art. 3.1.c) e d) ET/15.

En materia de retribucións, dispón o artigo 27 TREBEP que (...) as retribucións do persoal laboral determinaríanse de acordo con a lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 do presente Estatuto (...)

Respecto ao incremento de retribucións, o artigo 21 TREBEP limita o incremento global da masa salarial, determinando o seu apartado 2 que non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na LPGE.

Pola súa banda, o art. 26.3 ET estipula que mediante a negociación colectiva ou, na súa falta, o contrato individual, determinarase a estrutura do salario, e, no seu caso, os complementos salariais.

É dicir, que no caso dos traballadores laborais o importe e estrutura das súas retribucións establécense mediante a negociación colectiva ou no contrato de traballo individual.

Por iso, a Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 xunto ao RD-lei 18/2022, non fixa os importes dos conceptos retributivos para o persoal laboral, senón que unicamente establece o límite que a masa salarial non poderá incrementarse máis do 2% (xunto ao incremento adicional do 1,5% respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2021), polo que os conceptos salariais deste persoal non poden aumentar máis de porcentaxe, segundo o disposto no seu art. 19, apartado Catro.



Así, mentres que o incremento retributivo do persoal funcionario procede realizalo automaticamente segundo as contías e nos termos da LPGE 2022 e o RD-lei 18/2022, non sucede o mesmo para as retribucións do persoal laboral, que haberá que estar á correspondente negociación (artigo 37.1.a) TREBEP).

Respecto do persoal cuxo contrato se financia mediante subvención e con cantidade fixa no contrato de traballo, como é o caso, entendemos que non é aplicable o incremento retributivo adicional do 1,5% do RD-lei 18/2022, xa que nin se negociou nin se acordou polo concello razón pola que as súas retribucións determínanse só polo seu contrato de traballo que non incluía cláusula de revisión salarial.

En consecuencia a persoa interesada ten que percibir exclusivamente os salarios que se corresponden coa subvención pola que foi contratado e, que inclúe o custo total do tempo traballado.

Terceiro.- Por escrito do 25 de maio do ano 2023 solicítase á Administración información complementaria sobre o expediente de referencia, en concreto a contestación realizada á solicitude presentada polo interesado o 12 de decembro.

Cuarto.- Por escrito do 13 de decembro, a Administración contesta que, salvo erro ou omisión, non consta no concello a solicitude de referencia.

ANÁLISE

Primeiro: O Real Decreto-lei 18/2022, do 18 de outubro, polo que se aproban medidas de reforzo da protección dos consumidores de enerxía e de contribución á redución do consumo de gas natural en aplicación do "Plan + seguridade para a túa enerxía (+SE)", así como medidas en materia de retribucións do persoal ao servizo do sector público e de protección das persoas traballadoras agrarias eventuais afectadas pola seca (BOE núm. 251, do 19 de outubro), sinala:

Artículo 23. Incremento retributivo adicional del personal al servicio del sector público para el año 2022.

1. Adicionalmente a lo dispuesto en los capítulos I y II del título III de la Ley 22/2021, de 28 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2022, y demás preceptos concordantes, con efectos de 1 de enero de 2022 las retribuciones del personal al servicio del sector público experimentarán un incremento adicional del 1,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2021.

Segundo.- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade



responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

A solicitude presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

Cómpre sinalar que o art.21. prevé o seguinte:

1. La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación

6: El personal al servicio de las Administraciones Públicas que tenga a su cargo el despacho de los asuntos, así como los titulares de los órganos administrativos competentes para instruir y resolver son directamente responsables, en el ámbito de sus competencias del cumplimiento de la obligación legal de dictar resolución expresa en plazo

Terceira.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, dispón que: A Valedora Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta da Administración competente á solicitude presentada o 13 de decembro, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Cuarta: A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, di:

“A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.”



E no artigo 3: *“A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”*

No artigo 4.Principios

“Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.”

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese organismo o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, o Concello de Boqueixón debe resolver expresamente a solicitude presentada pola promotora desde expediente de queixa, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución, e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo